

Nanina Santos Castroviejo

Que feminismo?

praza.gal, xoves 2, abril 2026.

Desde sempre as mulleres sinalaron a subordinación, a opresión e a desigualdade respecto dos varóns. Porén non é antes do século XIX que comezan organizarse para reivindicar a emancipación do seu sexo.

O termo feminismo, no senso que o usamos hoxe, entrou formar parte na linguaxe corrente francesa en 1882 da man da xornalista, sufragista e pioneira feminista francesa Hubertine AUCLERT. En Inglaterra desde 1894, ao principio usábase a palabra como “a posesión de calidades femininas”. En Rusia desde 1911 feminismo e feminista úsanse no senso moderno.

O feminismo e o sufragismo tiveron simpatizantes e partidarios porén tiveron moitos detractores que usaron o vilipendio e a ridiculización para desacreditar unha loita e unhas demandas de elemental xustiza. **Mais o peor de todo foi o uso da ocultación e o silencio das intrépidas loitadoras a prol da emancipación das mulleres, da súa liberación, dos seus dereitos.**

Sobrará dicir que ao longo da miña carreira de historia, cursada nos anos 1968-1973 en Compostela, nunca escoitei unha palabra sobre vindicacións, declaracións, disputas ou querelas das mulleres. E nada sobre o sufragismo nin as sufragistas.

Lembro, si, a miña nai referirse nunha ocasión ás sufragistas británicas que dalgún xeito lle chegaran a ela como “mulleres estrañas e ridículas con aqueles vestidos brandindo os seus paraugas” sen poñer a atención nas súas demandas.

Simone de Beauvoir publica en 1949 *O Segundo sexo* logo de estar dous anos e medio investigando e traballando para dar corpo a súa idea de que é a cultura ben máis que a bioloxía a que conforma a natureza e o comportamento femininos. Mimá a algarabía que montaron!

Críticas carentes de toda sustancia e fundamento. Dun traballo que cuestiona e desafia as tradicións respecto da familia, da sexualidade, do masculino e o feminino recibe cualificacións do tipo de inmoral, obsceno, antinatural, antipatriota, análise moi subxectivo, abandono da loita de clases pola loita de sexos e bla bla bla. Por suposto que a igrexa católica incluíu *Le deuxième sexe* no *Index Librorum Prohibitorum* (creado en 1559 e en vigor ate 1966 abolido polo Papa Paulo VI).

Semellante recepción dun traballo desa envergadura desanimaría a calquera e non deixaba de ser un aviso a navegantes. Iso que a Beauvoir aínda non se declaraba nin consideraba feminista.

Hoxe, moitos medios de comunicación sinalan que a mocidade é remisa ao feminismo e fan fincapé nos peores datos das investigacións sociolóxicas e de mercado.

En titulares e entresacados poucas veces se repara nas respostas se as preguntas son abstractas (o feminismo, a igualdade) ou van a terreos precisos. Non é moi

relevante, acaso, que o 80% defenda que as tarefas domésticas han repartirse de xeito equitativo? Tampouco hoxe é un problema matrimonial que a muller gañe máis (parécello a un 14%) ou ese 10% que pensa que participar na crianza dos fillos fainos “menos homes”, é dicir que o 90% non pensa tal. Francamente, para min que vin, vivín e padecín unha sociedade fortemente machista nas leis, nas mentalidades e nos comportamentos até non hai tanto, todo isto parécese extraordinario. Esta sociedade máis culta, máis laica, máis feminista e máis pesimista que di o CIS no seu enorme estudo *España 2025*.

Si, xa sei que no 2021 o 49,9% da mocidade se declaraba feminista e hoxe faino un 38,4% di IPSOS, ao igual que os datos anteriores. Aínda así España é a líder europea en feminismo. O 51% da poboación identifícase como tal (en Alemaña un 28%; Reino Unido un 37%; Canadá e EEUU un 40%; Países Baixos un 42% e Suecia un 48%).

Tamén sei que un 49,2% da xente moza, percibe o feminismo como unha “ferramenta de manipulación política” e un 46,1% dos mozos sosteñen que as políticas de igualdade discriminaron o xénero masculino segundo o Barómetro de Juventud y Género. FAD Juventud, marzo 2026.

E eu estou por escribir aquí que comparto percepcións emparentadas coa primeira desas opinións.

Non hai acaso un uso instrumental do feminismo por parte dos partidos políticos en bastantes ocasións? Non son hoxe as institucións as que marcan a axenda feminista? Ao longo dese proceso de institucionalización sectores relevantes do feminismo deixáronse arrastrar polos altofalantes e polas subvencións das institucións.

Así as cousas non é tan difícil de entender que haxa xente moza renitente ás proclamas de gobernos locais, nacionais ou estatais ou vexa con desafecto as liortas entre partidos con estas cousas e coas cousas mesmas.

Por outra parte, a palabra feminismo polariza nalgúns sectores mozos, porque se lle atribúe que sei eu que significado e porque hai extremistas misóxinos que botan moita leña nese lume, pero isto non é novidade algunha (si é novidade os mecanismos dos que se serven).

Ademais, o feminismo que máis se fai oír hoxe, está afastado en aspectos de fuste daquel espírito libertario que chamaba ás mulleres a lograr o pan e as rosas; a sacudirse a tutela e a protección (do pai, do marido, da igrexa, do estado); a non aceptar o papel de subordinadas; a conquistar a noite, o ocio, o sexo, os traballos, as relacións familiares e a vida libre de acoso e violencias. A decidir sobre o propio corpo e a maternidade. A ocupar todas as esferas públicas e mesmo de poder e demandar as leis, os recursos e os orzamentos para este desempeño.

Non parece doado que ese feminismo pechado na identidade de xénero, no vitimismo e no puritanismo e que atopa lecer en castigar, teña capacidade de seducir nen resultar atractivo. Nin á xente vella, nin á xente moza.

Se a loita feminista non é quen de implicar canta máis xente (mulleres e homes) para defender todos os dereitos e liberdades para todas, para todos e para todes, difícil vai ser frear o desapego desa mocidade molesta e incómoda coa sociedade na que vive.